

Produccións  
CENTRO CDG\_06-07  
DRAMÁTICO GALEGO



## GUÍA DIDÁCTICA

Dirección:

**Artello - Teatro Alla Scala 1:5**  
(Rosa Hurtado e Santiago Montenegro)

# Tarara

ANABEL GAGO • AVELINO GONZÁLEZ • BEA • NOEMI RODRÍGUEZ

# Chis-Pum!

FRAN PELETEIRO • MANUEL POLO • JOSÉ CARLOS ILLANES

Creación colectiva baseada no espectáculo de Artello Teatro

XUNTA DE GALICIA

---

**Edita:** IGAEM  
Centro Dramático Galego

---

**Autora:** Cristina Pérez Asenjo

---

**Fotografía:** Tono Arias

---

**Ilustración portada:** Signum Deseño

---

**Diseño e maquetación:** Signum Deseño

---

**Depósito legal:** C - 551 - 2007

---



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE

**IGAEM**

instituto galego  
das artes escénicas  
e musicais



centro  
dramático  
galego

Colabora:



# Tarara Chis-Pum!

## ÍNDICE

---

INTRODUCCIÓN 4

---

SOBRE A OBRA 5

---

ESCENOGRAFÍA / VESTIARIO 6

---

TEXTO DOS ACTORES E ACTRICES 7

---

PARA PROFES 9

---

EPÍLOGO 10

---

# Tarara Chis-Pum!

## INTRODUCCIÓN

Eu teño un amigo que se dedica ao teatro ou, mellor, vive do e para o teatro e sempre se mete con nós, profes e “pedagólogos”, ás veces ata cos pais, porque di que para nós as obras infantís teñen algún interese se delas podemos tirar algunha ensinanza ou algún valor moral para que os rapaces aprendan.

Ten razón: o teatro é teatro e non ten por que ser nada máis... nin nada menos! Ou é que nos parece pouco, un creador de fascinación, transmisor de emocións, estimulador da imaxinación...?

Aos rapaces encántalles o teatro e eles son os mellores críticos. Cando a obra é capaz de imbuilos e facelos partícipes, cando é capaz de que reine o silencio e todos os ollos miren na mesma dirección, é cando a obra, transmita ou non o que nós queremos, é boa.

E non hai máis. O demais poñémolo nós, os pesados e aburridos profes e pedagogos que sacamos traballo ata das pedras. “Co ben que o pasei eu na representación...”.

Por iso, a primeira e máis importante cousa de toda a unidade didáctica, e saltándome a miña condición de profe e nai, será:

### DESRUTÁDEA!

Desfrutádeas como a desfrutei eu. Ídesvos sentir partícipes do espectáculo porque non é unha obra coma outras; esta non xurdiu dun escrito de alguén, senón que é unha creación colectiva que foi saíndo duns e doutros; outra maneira de facer teatro da que falaremos máis adiante.

Tamén teño que dicir que está baseada na primeira representación de *Tarara-chis-pum!* de hai trinta anos e talvez a algún de vós lle traia lembranzas doutros tempos...

Por último, pode ser que nela poidamos vernos máis reflectidos do que imaxinemos.

Poñédevos cómodos e desfrutade da obra... quizais ao final todos atopemos o riso.

E despois...



# Tarara Chis-Pum!

## SOBRE A OBRA

É verdade que cada vez a asistencia ao teatro é maior dende que hai campañas para escolares pero tamén, como din Lola Lara e Nicolás Morcillo, "hai propostas excesivamente preocupadas en cumprir uns obxectivos didácticos pero carentes de calquera asomo de creación artística"\*.

Este non é o caso que nos ocupa.

A obra que imos ver é unha creación colectiva.

E que é iso?

Botemos unha ollada ao que nos explicaban ao respecto Rosa Hurtado e Santiago Montenegro, directores de **Artello Teatro Alla Scala**, tres meses antes da estrea:

*"Como xa é habitual na traxectoria da compañía Artello, reunimos un equipo de once persoas entre actores, deseñadores e directores, para abordarmos xuntos un proceso de creación colectiva de cuxo resultado final, a pouco menos de tres meses da estrea, aínda nos quedaba moito por descubrir.*

*Nesta altura, os tres meses xa decorridos de traballo intermitente servíronnos para crear unha compañía que manexe unha linguaxe común á hora de abordar a fase definitiva de construción do espectáculo".*

As premisas das cales partiron para esta nova escenificación de *Tarará-chis-pum!* son:

1. Empregar o texto orixinal como un pretexto que serve de base a un traballo de improvisación aberto a calquera contribución, que pode chegar á modificación substancial de escenas ou mesmo á creación doutras novas.
2. Unha plástica baseada na suxestión. Empréganse de xeito convencional uns mínimos elementos de atrezzo.

A escenografía e o vestiario son elementais e versátiles e xunta a utilización da luz pretenden xerar as atmosferas tan dispares que demandan os distintos espazos en que se desenvolve a acción (o mercado, o mar, o bosque, a lúa, o circo...). Todo iso ao servizo do traballo creativo dos actores, procurando evitar artificios que o enmascaren.

3. O traballo dos actores ten un carácter fortemente coral ao constituíren unha compañía dentro do propio espectáculo. Esta compañía é a que ten que, amais de interpretar as personaxes que van xurdindo na historia, crear o espazo musical así como parte dos elementos escenográficos.

\* "Teatro, dentro y fuera del aula", *Cuadernos de Pedagogía. Praxis*, Wolters Kluwer España, S.A.



# Tarara Chis-Pum!

## ESCENOGRAFÍA / VESTIARIO

O vestiario está en función da idea orixinal do espectáculo, na cal a base é a figura do actor-actriz e a súa versatilidade á hora de recrear personaxes e situacións diversas. Por tal razón se deseñou un vestiario base que poida ir acompañado de elementos facilmente substituíbles.

Os actores, por medio de complementos e atrezzo diverso, convértense facilmente en personaxes diferentes segundo o que requira a escena.

O obxectivo é conseguir a homoxeneidade estética das personaxes e a súa caracterización como grupo de traballadores de factoría escénica.

Para iso deseñouse un vestiario base que ten como eixo central un mono de traballo, o cal crea unha sensación dinámica e moi recoñecible polo público infantil.

### MATERIAIS:

- Pana de raia ancha que nos remite ao mundo do traballo, para os monos de traballo.
- Complementos de fantasía, tules, lamés, brillos, plástico e teas suxestivas que contrastan coa austeridade e rudeza do anterior material.

### CORES:

As cores base do vestiario son cores neutrais: granate e negro, para facilitar a idea de grupo homoxéneo.

### VESTIARIO BASE:

#### 1. *Monos de traballo:*

A cor básica do vestiario é neutra, escura en ton granate para facilitar os cambios de personaxe que require a acción dramática.

#### 2. *Calzado:*

Botín de media cana en negro, de pel flexible, para acentuar a neutralidade do vestiario base.

#### 3. *Complementos:*

Cores vivas. Amarelos, verdes e azuis, con toques vermellos que contrastan coa austeridade dos negros e granates do vestiario base.





# Tarara Chis-Pum!

## TEXTO DOS ACTORES E ACTRICES

### ANABEL GAGO

[Actriz da compañía, Vendedora, Lunática, Domadora]

“Invidentemente” a Sabichona sabe unha chea de cousas, como por exemplo:

- como desfacernos dun andazo de mosquitos mutantes!
- como plantar un bosque xigante!
- ou como despegar un foguete cara á lúa!

Pero o que máis lle gustaría sería descubrir o saber profundo que se agacha tras o sorriso dunha nena ou dun neno.



### FRAN PELETEIRO

[Actor da compañía, Mestre, Mago, Raia-Tafi, Foguete, Lunático, Foca]

“Xoguei. Xoguei ata esquecerme das regras e abandonarme á fantasía. Ela colleu o meu corpo e estampouno contra a raia-tafi; untouno nunca brocha e debuxou unha foca; sacoulle as cores coma o mestre á pallasa e remexeunas todas formando plastilina atravesa-mundos; Franki e moldeable. Espertei abrazado aos meus compañeiros e recordei cal era o meu lar. Onde a mente non chega, onde todo se crea, soamente o corazón sabe que facer”.



### NOEMI RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ

[Pallasa]

Cando se lle propón a unha actriz ou a un actor interpretar certa personaxe, o que se espera do seu traballo é que acabe reunindo unha serie de características que o fagan ser un outro distinto do que é.

O meu esforzo por reunir tales características levoume a recuperar calidades que se van perdendo polo camiño dos anos, como a capacidade de abrairse ou de confiar nos demais; estes son os cimentos da nena que está disposta a seguir a súa risa ata a fin do mundo para poder ser pallasa.



### AVELINO GONZÁLEZ:

[Reloxo, Rapaz, Vendedor, Caranguexo, Cazador, Foguete, Lunático, Pulicarpio]

É coma nos xogos: “agora son...” e “despois son...”, ou coma nos videoxogos: se a túa personaxe ten tal poder eu póñoille tal outro á miña. Aínda que hai unha personaxe base desde a cal se fan as outras e que lles dá un aquel insolente, optimista e algo túzaro. Así foron saíndo as personaxes de Tarará nun xogo que foi medrando nos ensaios.



# Tarara Chis-Pum!

## BEA

**[Actriz da compañía, Nai, Nena, Vendedora, Serea, Fogueteira, Batutini]**

Son a actriz máis melindrosa da compañía; o que a min máis me importa no mundo é o meu gatiño e o que intento é contarvos a súa historia, a historia do gatiño máis guapo do mundo; pero outra actriz da compañía consegue distraernos a todos e comeza a contar a súa historia, ao principio moléstame, pero logo todos a axudamos a contar a súa historia porque o importante é xogar e pasalo ben.



## MANUEL POLO:

**[Actor da compañía, Pai, Ladrón, Lobo, Lunático]**

As personaxes que interpreto nesta peza baséanse en clichés, que se usan ben para corroboralos, ben para desmontalos, pero sempre acentuando, esaxerando as súas características, tanto externas como internas, dando personaxes próximas ao grotesco.

No meu caso, parto da caracterización física para o desenvolvemento das personaxes.

Por outra banda, é un traballo coral, de maneira que a limpeza en coreografías e movementos conxuntos é primordial.



## JOSÉ CARLOS ILLANES: MÚSICO

**[Músico de rúa, Padioleiro]**

Un do maior se estou alegre, un la menor se entristezo, teño unha idea e soa un triángulo! Un asubío e todos me entenden. Esta é a linguaxe que utiliza a miña personaxe: a música. A música apoia as reaccións particulares dos actores e as intencionalidades corais.





# Tarara Chis-Pum!

## PARA PROFES

O primeiro e o que eu considero máis importante, como xa vos comentei, é que a asistencia ao teatro é unha actividade de lecer e disfrute, nunca unha tarefa asociada a producir un traballo.

Mais non esquecemos que esa asistencia favorece o desenvolvemento de valores e actitudes que nos interesan traballar tanto dende a escola coma dende a casa. Entre eles figuran:

- espertar a curiosidade, o pensamento creativo, a fantasía e a imaxinación dos rapaces
- favorecer o proceso de atención e escoita
- axudar a formar un público con criterios e mentalidade crítica

A partir da obra tamén podemos traballar contidos transversais como a educación medioambiental e a autoestima, así como a valoración das artes escénicas como medio de expresión e recurso para o desenvolvemento integral do alumno.

A proposta de traballo está enfocada para profundar nestes contidos, poder falar cos nosos alumnos e, se se presta, sobre o medio natural (a partir das escenas do bosque e o mar que aparecen na obra), ademais de reforzar a autoestima partindo do tesón do neno pallaso en conseguir o que quería. Tamén se pode debater sobre a distribución do tempo de lecer e do tempo de traballo.

As actividades están pensadas para despois de ver a obra. Divídense polo grao de dificultade pensando nos tres ciclos de primaria. Tan só son unhas suxestións do que se pode facer, sempre ampliables ou rexeitables por vós. Os niveis tamén son orientativos. Como non todos os rapaces teñen o mesmo, podedes escoller actividades de dous niveis para facer na mesma clase.

Están pensadas para fotocopiar por diante e por detrás no mesmo folio, dobralo e montar un caderniño de traballo.

Unidade didáctica • **1ºCiclo** Primaria

Unidade didáctica • **2º Ciclo** Primaria

Unidade didáctica • **3º Ciclo** Primaria



# Tarara Chis-Pum!

## EPÍLOGO

O protagonista desta obra perde a risa na escola, non cumpre as expectativas dos pais e decepciónaos, anda agoniado polo ritmo diario de traballo e actividades. Non hai que preocuparse porque, como en todos os bos contos, hai un final feliz.

Quizais que o pequeno corra dun lado a outro apremado polas actividades extraescolares, sen desfrutar de ningunha, fíxome meditar sobre o noso ritmo de vida e o que lle impoñemos aos nosos fillos. É certo que non todos andan así, pero algúns podémonos aplicar o conto. Xa non porque fagamos correr os nosos fillos, senón tamén por facer moitas cousas nós sen desfrutalas. E o noso riso? Onde está o noso riso?

Tamén me chamou a atención a decepción que levan os pais porque o seu fillo quere ser pallaso. É certo que ás veces esquecemos que a nosa misión é axudar, acompañar e educar na aventura de crecer, aínda que dalgúns rapaces pouco se agarda, nin sequera eles teñen confianza en si mesmos, nin nas súas posibilidades.

Hai moitos que entre clase e clase, ano tras ano, van perdendo as ilusións, as ganas de aprender e a emoción do descubrimento....

En definitiva: o riso na escola.

Se en algo nos toca de cerca...

Espero que desfrutedes da obra tanto coma min.



# UNIDADE DIDÁCTICA 1º CICLO

6. PONLLES UN **X** ÁS COUSAS QUE ESTROPEAN OS NOSOS BOSQUES E O NOSO MAR.

- INCENDIOS
- PLANTAR ÁRBORES
- PODAR AS ÁRBORES
- CAZAR MOITOS ANIMAIS
- PESCAR CRÍAS
- VERTER PETRÓLEO
- BOTAR O LIXO
- DEPURAR AS AGUAS

7. SABERÍAS DEBUXAR **UNHA CARA ALEGRE E UNHA TRISTE?** PODES INTENTAR AMOSARLLES AOS TEUS COMPAÑEIROS AS DIFERENTES CARAS TÚAS Ó LONGO DO DÍA, EN DIFERENTES SITUACIÓNS (AO ESPERTAR, NO COLEXIO, NO PATIO, NUNHA PELEXA...).



TRISTE

ALEGRE

1. **ORDENA OS LUGARES** POLOS QUE TRANSCORRE A OBRA, E POLOS QUE VAI PASANDO O PROTAGONISTA.



- |   |         |
|---|---------|
| 1 | COLEXIO |
| 2 | MAR     |
| 3 | CIRCO   |
| 4 | BOSQUE  |
| 5 | CASA    |
| 6 | MERCADO |
| 7 | LÚA     |

2. **RELACIONA** DIFERENTES ELEMENTOS DA OBRA COS LUGARES POLOS QUE PASOU O PROTAGONISTA... QUEN LLE CORRESPONDE A QUEN?

- |             |         |
|-------------|---------|
| MARCIANOS   | CASA    |
| PEIXES      | BOSQUE  |
| PAIS        | NENO    |
| CARANGUEXO  | LÚA     |
| LOBO        | CIRCO   |
| MALABARISTA | MERCADO |
| CAZADOR     | COLEXIO |
| VENDEDOR    | MAR     |

3. RECORDAS QUE LLES PASA **AS ÁRBORES** DO BOSQUE AO LONGO DO ANO? DEBÚXAAS.



4. ESTIVECHES ATENTO?

POR QUE AS ÁRBORES E OS ANIMAIS NON QUERÍAN HUMANOS NO BOSQUE?

- PORQUE OS QUEIMABAN
- PORQUE NON TIÑAN O RISO
- PORQUE ESA NON É A SÚA CASA



POR QUE O NENO PERDE O RISO?

- PORQUE TEN MOITAS COUSAS QUE FACER
- PORQUE LLO QUITA O PROFESOR
- PORQUE AOS SEUS PAIS NON LLES GUSTA

POR QUE OS MERCADERES NON LLE AXUDAN?

- PORQUE NON TEÑEN RISOS
- PORQUE NON SABEN CAL É O SEU RISO
- PORQUE O RAPAZ NON TEN CARTOS.

5. **UNE** AS FRASES:

SE QUEIMO OS MONTES	DESAPARECEN OS ANIMAIS
SE CAZO E PESCO MOITO	OS ANIMAIS QUEDAN SEN CASA
SE BOTO LIXO AO MAR	MORREN OS PEIXES E AS ALGAS



## 7. XOGUEMOS:



POR COMO NOS MOVEMOS E OS NOSOS XESTOS TAMÉN PODEMOS INTERPRETAR MOITAS COUSAS.

INTENTADE REPRESENTAR, SEN DICIR NIN UNHA PALABRA, ALGUNHA **SITUACIÓN DIARIA** PARA QUE OS OUTROS AVERIGÜEN QUE É O QUE FACEMOS.

## 8. COMPLETA:

SE QUEIMO OS MONTES .....

.....

SE BOTO LIXO AO MAR.....

.....

SE CAZO DURANTE O TEMPO DE VEDA .....

.....

SE PESCO PEIXES PEQUENOS .....

.....

# UNIDADE DIDÁCTICA 2º CICLO

## 1 ESTIVECHES ATENTO?

QUEN É O PROTAGONISTA?

QUE LLE OCORRE?

POR ONDE BUSCA O RISO?

POR QUE LLE TIÑAN MEDO OS PEIXES AO NENO?

É O LOBO E AS ÁRBORES?

ONDE ATOPA O RISO?

2. ORDENA **OS LUGARES** POLOS QUE TRANSCORRE A OBRA, E POLOS QUE VAI PASANDO O PROTAGONISTA.

O MAR

O BOSQUE

A LÚA

O MERCADO

O CIRCO

O COLEXIO

A CASA



### 3. PENSA.

HAI SITUACIÓNS DIARIAS NAS QUE AGREDIMOS O **MEDIO**.  
ESCRIBE DÚAS DESAS SITUACIÓNS E PENSA NAS POSIBLES SOLUCIÓNS.

1 .....

2 .....



### 4. LEMBRAS **QUEN** DI? (LOBO, PAIS, PALLASO, MERCADER)

- "QUERO QUE SEXAS MÉDICO"
- "SE NON TES DIÑEIRO, NON CHE AXUDO"
- "VIDES CORTAR AS ÁRBORES?"
- "QUERO APRENDER A RIR"

5. A PESAR DE TODAS AS DIFICULTADES, O NENO CONSEGUE O SEU PROPÓSITO.  
**PENSA EN ALGO QUE CHE CUSTE PERO QUE CREAS QUE PAGA A PENA ESFORZARSE POR CONSEGUILO**

### 6. ATOPA **5 PALABRAS** QUE ESTROPEAN OS NOSOS MONTES E MARES

F H I E P T R O L I  
I U V P E C A S R D  
D R R E S I D U O S  
E T C T F U T L L O  
O I B R I V E R O S  
L V U O X V L L E V  
A O I L A L I X O A  
E X I E L A M S F R  
N X E O E N D I M A  
I N C E N D I O S O



SOLUCIÓN: FURTIIVISMO, PETRÓLEO, RESIDUOS, LIXO, INCENDIOS



# UNIDADE DIDÁCTICA 3º CICLO

## 6. FALA DE TI.

O PROTAGONISTA DA NOSA OBRA ESTÁ MOI ESTRESADO, E NON PODE PARAR EN TODO O DÍA.

SERÍAS CAPAZ DE FACER UN HORARIO COAS ACTIVIDADES QUE TES DURANTE A SEMANA?

CANDO XOGAS?

CANDO TRABALLAS?

CANDO DESCANSAS?

É TODO MOI IMPORTANTE?



	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
MAÑÁ							
TARDE							
NOITE							

1. A OBRA DESENVÓLVESE EN DIVERSOS LUGARES. SABIAMOS ONDE ESTABAN POLO QUE FACÍAN, PORQUE OS ELEMENTOS DECORATIVOS NON VARIABAN. TAMÉN POLA LUZ E O SON, A MÚSICA. RECORDAS POR QUE SABIAMOS QUE ESTABAN...?

NO MAR

NO BOSQUE

NA LÚA

NA CASA

NO CIRCO

NO MERCADO

2. ENTENDECHES?

QUEN É O PROTAGONISTA?

POR QUE PENSAS QUE PERDE O RISO?

POR QUE LLE DÁ UN DESGUSTO AOS PAIS?

QUE LLE FAI GRACIAAOS MARCIANOS DENDE A LÚA?

PORQUE NO BOSQUE E NO MAR NON QUERÍAN AOS HUMANOS?

COMO REMATA A HISTORIA?





3. ALGUNHAS DESTAS PALABRAS SIGNIFICAN O MESMO, AÍNDA QUE TODAS ESTRAGAN OS NÓSOS MARES E MONTES. BÚSCAAS NO DICCIONARIO E ATÓPAAS NA SOPA DE LETRAS.

REFUGALLO  
REBOUTALLO  
RESIDUOS  
INCENDIOS

LIXO  
BAZOFIA  
FURTIVISMO

R F R S E U O D L L

E E E S I L E X O R

B I S O A F S E X E

O M S I V I T R U F

U C O D D V I T R U

T S Z N F U M U O G

A I I E R I O X G A

L R A C E L I S S L

L E B N E L Z E U L

O X A I F O Z A B O

4. QUE SABES DE...?

### O MAR

SABES QUE É A PESCA INDISCRIMINADA?

É UN RECHEO? QUE EFECTOS PODE CAUSAR NUNHA RÍA, POR EXEMPLO?

### OS BOSQUES

POR QUE SON MALOS OS INCENDIOS?

É O FURTIVISMO NA CAZA?

**PENSEMOS** NOUTRAS AGRESIÓNS DO MEDIO AMBIENTE E **DEBATAMOS** POSIBLES SOLUCIÓNS.



5. AO PROTAGONISTA PÓÑENSELLE DIFÍCILES AS COUSAS, PERO EL CONTINÚA ATA O FINAL, CONSEGUINDO O QUE QUERE: O SEU RISO E SER PALLASO.

PENSAS QUE É IMPORTANTE NON DEIXAR AS COUSAS QUE PARA NÓS SON VALIOSAS?

ESCRIBIMOS ALGUNHA COUSA QUE NOS DEA TRABALLO, OU QUE SEXA DIFÍCIL DE CONSEGUIR, PERO QUE PAGUE A PENA CHEGAR ATA O FINAL.